

Colectivo Literario In Nave Civitas Lugrís

Procurar...

# V DÍA LUGRÍS

## V DÍA LUGRÍS

**20 DE NADAL DE 2014**

**17:00 A ARRIBADA DO GRAFITI**
**(Praza José Sellier)**

Solemne e lírica inauguración do grafiti que recrea unha obra de Urbano Lugrís na Praza de José Sellier, cerna da Coruña lugrisá.

Seguido do tradicional

**OBRADOIRO DE PARAUGAS PINTADOS**
**(Praza José Sellier)**

Xuntarémonos para decorar os nosos paraugas con motivos mariños e lugrisáns cos que logo percorreremos as rúas coruñesas.

(Que cada quen leve o seu paraugas, as súas pinturas e toda a súa imaxinación)

17:45 **MANIFESTACIÓN ATLÁNTICA E SURREAL**
**(Praza de José Sellier-Xardín de San Carlos)**

Cos nosos paraugas pintados e unha serpe mariña seguiremos as alancadas diurnas e nocturnas do pintor do mar até atoparnos con a outra metade de Ulyses Fingal: Antón Avilés de Taramancos.

**18:30 RECREACIÓN DO INTRE NO QUE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS COÑECEU A URBANO** LUGRÍS.
**(Xardin de San Carlos)**

Coa participación de todo o público asistente e **Anxo Angueira**.


12
Inscritos


## VISUALIZACIÓNS


1648


## PUBLICACIÓNS POPULARES




Vista da IV Día Lugrís (21/12/2013) Coruña,1830, de Urbano Lugrís. (Trátase dun mural que o pintor do mar fixo nunha parede dun piso duns familiares seus ...



V DÍA LUGRÍS 20 DE NADAL DE 2014 V DÍA LUGRÍS 17:00 A ARRIBADA DO GRAFITI (Praza José Sellier) Solemne e lírica inauguración do gr...



Da Urbano Lugrís González Galipedia, a Wikipedia en galego. Urbano Lugrís González , nado na Coruña o 28 de xaneiro de 1908 [1] e finado en Vigo o 23...



Urbano Lugrís 20:00 horas. Ao pé do III Día Urbano Lugrís. obelisco. Ao son da gaita e o tambor debuxamos nos nosos parau...



O IV Día Lugrís comezará Cartaz do IV Día Lugrís. no Adro do Museo de Belas Artes da

18:45 MANIFESTACIÓN ATLÁNTICA E SURREAL (continuación)
(Xardín de San Carlos – Praza do Papagaio)

Segunda parte da marcha na que chegaremos até o Papagaio, seguindo os cantos de tritóns e sereas.

19:30 A HABITACIÓN DO VELLO MARIÑO
(Monty Ambigú)

Recital poético mariñeiro na memoria e honra do Noso Señor Lugrís polos vates mareiros Manuel O'Rivas, Serafín Mourelle e Xosé Iglesias.

Todos os actos deste V día Lugrís son abertos.

Prégase que quen a tivera acuda cunha corna mariña para axudar a encher de sons atlánticos esta xornada e invitamos a que participedes nos actos disfrazados dalgunha das personaxes dos cadros do gran pintor sur-marino.




Benquerid@s mareantes!

Como todos os anos por estas datas o colectivo literario In nave civitas, a asociación cultural O Mural e a asociación de escritoras e escritores en lingua galega estamos organizando o Día Lugrís no que celebraremos na Coruña a pintura e a poesía de Urbano Lugrís.

Entre outros actos este ano queremos deixar para tod@s @s que pasen pola Coruña un grafiti cunha das obras do pintor do mar para o que xa temos todo preparado.

O mural estará na parede medianeira -hoxe baleira- de praza de José Sellier, cerna da Coruña lugrisán.

O custo orzamentado para este grafiti (artistas, pinturas, permisos, taxas, seguros, etc...) é de 1.200 €.

Os andamios non engordan o orzamento porque grazas a xestión de MAS arquitectura prestóunolos a empresa Desarrolla.

Queremos solicitar a vosa colaboración económica para poder levar adiante esta obra.

Podedes ingresar os cartos na seguinte conta corrente de ABANCA:

IBAN ES30 2080 3103 1430 0002 3625

Non hai unha cantidade mínima para a achega e para facilitar as cousas en breve os informaremos de algúns locais nos que disporemos de petos para recoller aportacións.

Tod@s aquel@s que contribuádes poderedes -se queredes- ver o voso nome ao pé do grafiti. Deixalo claro no concepto da transferencia ou nun sobre ao facer a achega nun dos petos.

Nas páxinas web de In nave Civitas (http://innavecivitaslugris.blogspot.com.es/) e O Mural (http://www.omural.es/) publicaremos os cartos acadados e o destino que lles damos para que tod@s poidades comprobalo.

Como sabemos que tedes xenerosidade abonda e imos conseguir máis cartos dos precisos comprometémonos con vós a destinar o sobrante para a organización do VI día Lugrís (2015), máis concretamente para financiar novos grafitis lugrisáns o de inspiración mareira para a cidade da Coruña.

Coruña ás 18:00 horas. 18:00-18:45 (No adro do Museo de Belas Artes...

## CATEGORIAS

"Visión da Coruña 1830" A Arribada A Coruña A Marea no Xanrei A Pedra do Altar A Perdiz A Rabaleira Actividades Actos AELG Antón Aviles de Taramancos As Pedras da Torre Asociación O Mural Borrazás Cartaz Celebracións Chamamentos Cidade Barco Colectivo In Nave Civitas Lugrís Cultura El Ideal Gallego Eventos Experimento Literario Galicia Galipedia Grafiti Historia III Día Lugrís IV Día Lugrís José Biobardi Libro Lugrís (Ben de Interese Cultural) BIC Maca Silva Malpica Message in a bottle Milucho Mariñas Moncho do Orzán Museo Belas Artes Coruña Museo de Belas Artes Mágoa Nacho López Novas Prensa O Berro Mollado O Grafitti de Outón O Grelle Obradoiro Os Contos do Mar de Irlanda Pilar Pérez Rapsodia ao Pintor do Mar Rodrigo Osorio Réquiem por Urbano Lugrís Sermos Galiza Surrealismo Taberna A Checa Teresa Ramiro Transfusión Oceánica Urbano Lugrís González V Día Lugrís Vecchio Vigo Xabi Maceiras Xosé Iglesias Xunta de Galicia Xurxo Gago Xurxo Souto Álvaro Cunqueiro

## SALVAR A OBRA DE LUGRÍS




## URBANO LUGRÍS



## A TORRE